

O día 20 de xaneiro de 2013, a Xerenta do SERGAS convocounos a unha reunión para comentarnos cales son as súas previsións para o ano 2014. Nesta reunión ademais da Xerenta do SERGAS, estivo presente a Conselleira de Sanidade e a Directora de RRHH. Para a **CIG-S AÚDE**

a reunión tiña dous planos de debate. Un debate coas representantes da Admón (Xerenta e Directora de RRHH), nas que lle solicitamos un marco de relacións laborais orientado a mellorar as condicións laborais das/os traballadoras/e. E un marco de debate de política sanitaria coa representante do goberno galego, a Sra. Conselleira, á que lle esiximos un xiro de 180 grados nas políticas sanitarias de RRHH e de asistencia sanitaria.



Abordamos os seguintes temas:

- Política de persoal no ámbito do Servizo Galego de Saúde. Tanto a Conselleira como o resto de representantes da Admón, informáronnos de que **durante o ano 2014 a política de persoal vai ser a mesma** : conxelación salarial, taxa de reposición que afectará ao persoal fixo e interino, precariedade laboral, non haberá OPE para todas as categorías (que queren dicir con isto?)
- Durante o ano 2014 **non se vai falar de retribucións**, e no 2015 xa veremos. Nin recuperación dos acordos retributivos, nin carreira profesional, nin específico da extra...

- **Van cumprir a taxa de reposición rigorosamente**, o goberno galego do PP non vai facer nada para anulala, de ser así, pode durar até o ano 2017, segundo conta no plano de estabilidade presentado polo Sr. Raxoi perante a Unión Europea. A taxa de reposición afecta ao cadro de persoal fixo, de cada 10 vacantes só se repón unha, e ao persoal contratado, xa que os vínculos que formalicen serán en precario, non se ofertaran todas as interinidades.
  
- Convocatoria de OPE. Ao manter a taxa de reposición, o cálculo das prazas para a próxima OPE hai que facelo tomando como referencia as vacantes que se produciron desde a última convocatoria de OPE. É dicir, **a próxima oferta de emprego será de máis ou menos 50 prazas para todas as categorías restantes**.
  
- No referente á política de asistencia sanitaria **o goberno vai seguir insistindo nas políticas de privatización** e as súas medidas de “reorganización e racionalización”.
  
- Xestión Clínica: A Conselleira insiste en que non vai implicar privatización nin laboralización, diga o que diga o novo artigo do Estatuto Marco. **Exiximos a retirada do Decreto e a Orde** e a **apertura dunha verdadeira negociación sobre o tema**.

Ante esta situación, que non conten coa **CIG-SAÚDE** para avalar as súas políticas.

A **CIG-SAÚDE** vai seguir denunciando e exixindo a recuperación integral do sistema sanitario público, tanto no referente á asistencia sanitaria como á recuperación dos dereitos laborais.

**GRAZAS POLA REUNIÓN, PERO COA CIG NON CONTEN PARA ISTO**